

## Xornal / Actualidade

Investigar Artigo

# Margarita Ledo Andi3n, primeira muller do 3mbito estatal recoñecida pola AE-IC



Na resoluci3n pola que se outorgan estes recoñecementos, a xunta directiva da AE-IC destaca o amplo traballo investigador desenvolvido por Margarita Ledo Andi3n durante m3is de 35 anos

A catedr3tica de Comunicaci3n Audiovisual e Publicidade da USC e coordinadora do Grupo de Estudos Audiovisuais ser3 homenaxeada o vindeiro 28 de outubro en Valencia no marco do VII Congreso Internacional da Asociaci3n Espa3ola de Investigaci3n da Comunicaci3n

**Xoves, 22 de outubro de 2020** | Santiago de Compostela

A Asociación Española de Investigación da Comunicación (AE-IC) rende homenaxe neste 2020 a Margarita Ledo Andión, catedrática de Comunicación Audiovisual e Publicidade da USC e coordinadora do Grupo de Estudos Audiovisuais. Ledo Andión é a primeira muller do ámbito estatal que recibe o recoñecemento a toda unha vida de investigación en comunicación por parte da AE-IC dende a fundación da asociación no ano 2006. O acto de homenaxe terá lugar o día 28 de outubro en Valencia no marco do VII Congreso Internacional da AE-IC, onde tamén serán homenaxeados os profesores Ramón Zallo Elguezábal da Universidade do País Vasco e Néstor García Canclini da Universidade Autónoma Metropolitana de México.

Na resolución pola que se outorgan estes recoñecementos, a xunta directiva da AE-IC destaca o amplo traballo investigador desenvolvido por Margarita Ledo Andión durante máis de 35 anos, con especial atención ao documental e ao fotoxornalismo. Este labor complementábase cunha intensa traxectoria creativa na literatura e no audiovisual, así como co impulso á cooperación entre os mundos lusófono e hispano no eido da comunicación.

A xunta directiva subliña tamén o compromiso da catedrática da USC coa propia Asociación Española de Investigación da Comunicación, da que forma parte dende a súa creación e na que exerceu como vicepresidenta entre os anos 2008 e 2016 e presidenta do comité organizador do congreso fundacional que se celebrou na Facultade de Ciencias da Comunicación.

## **Comprometida coa diversidade**

Ao longo destas máis de tres décadas, Margarita Ledo Andión dirixiu diversos proxectos de I+D+I nacionais e internacionais, o máis recente deles o 'EU-VOS. Patrimonio Cultural Inmaterial: para un programa europeo de subtítulo en linguas non hexemónicas', continuación do que finalizou en 2015, 'EDCINEMA. Cara ao espazo dixital europeo. O papel das pequenas cinematografías en versión orixinal'. No congreso de Valencia daranse a coñecer, precisamente, os resultados globais do proxecto 'EU-VOS' que aborda a problemática do cinema en versión orixinal, a tradución e a preservación da diversidade lingüística e cultural en Europa.

Doutora en Ciencias da Comunicación pola Universitat Autònoma de Barcelona, as liñas de pescuda de Ledo Andión traballan a produción e o acceso a bens culturais dende a diversidade, as políticas de comunicación e as teorías feministas nos universos da creación e da expresión.

Alén de numerosos artigos en publicacións científicas de referencia, entre os seus libros cómpre destacar Foto-xoc e xornalismo de crise (Edicións do Castro, 1988), polo que recibiu o Premio Grupo Foto; Documentalismo fotográfico contemporáneo (Xerais, 1995); Documentalismo fotográfico (Cátedra, 1988); Del Cine-Ojo a Dogma95 (Paidós, 2004); Cine de fotógrafos (GG, Barcelona 2005), premio Fundació Espais

d'Art Contemporani e o ensaio *El cuerpo y la cámara* (Cátedra, 2020). A catedrática da USC coordina a serie *Para unha historia do cinema en lingua galega*, colección de tres volumes editada por Galaxia que traza un percorrido crítico e analítico polos filmes dende o século XX até as primeiras dúas décadas do novo milenio.

Como cineasta, desenvolveu o seu traballo de maneira especial no documental, con filmes como *Santa Liberdade* (2004), *Liste*, pronunciado *Líster* (2007) e *Nación* (2020); para alén da ficción *A cicatriz branca* (2012). É Premio Nacional da Cultura Galega 2008 en Cine e Audiovisual, Premio Otero Pedrayo 2017 e membro da Real Academia Galega.

---

 Os contidos desta páxina actualizáronse o 22.10.2020.

#### **A Universidade**

USC

Graos

Máster

Doutoramento

USC Vida

#### **Perfís**

Estudantes

Estudantes estranxeiros

PDI

PAS

Futuros estudantes

Egresados/as

Pais e nais

#### **USC Virtual**

Campus Virtual

Secretaría Virtual

Sede Electrónica

Taboleiro Electrónico

Correo Web

Centros

Departamentos

Servizos

Xornal

Directorio

Contacto

Protección

de

datos

Accesibilidade

